

# Entrevista

## Conversa coa mestra Alicia López Pardo



Imaxe de Alicia López

**Alicia, primeiro, xa van aló uns aníños, foi aquel grupo increíble de mestras da montaña luguesa e despois dese tempo acabas en Vixoi, Bergondo, preto da Coruña: cambio de escenario, pero os mesmos principios...**

Si que o escenario é ben diferente, pero no fundamental respondes cun nivel semellante de implicación. Iso nace da sensibilidade que flúe de xeito natural, da ilusión, de sintonía co contorno. Alí onde chegues de maneira espontánea intégrase e xorde a resposta precisa. Dimo a propia experiencia, ao ter que pasar dunha escoliña nunha aldea dos Ancares a un traumático traslado forzoso ás illas Canarias (A Orotava- Tenerife). Isto non impidiu a miña integración nin asumir o compromiso cunha situación tan inxusta coma a do meu país natal. Algo semellante vivino no meu destino no País Valenciano.

Sempre estivo presente a miña orixe, os valores que mamei na infancia. Isto expreseño dende nena, reclamando unha xusta valoración do rural. Aí naceu a miña militancia polo país, pola lingua e pola dignificación da nosa cultura. Con este empuxo comezou a miña andaina, primeiro na montaña luguesa, coa compaña excepcional dun grupo de mestras que ten motivos para pasar á historia

### "Estamos a tempo de frear a última etapa da desfeita do rural"

*En Galicia temos un tesouro que, como tantos outros, non sabemos valorar. Son as experiencias docentes de mestras e mestres da escola rural que foron quen de converter o seu medio na grande oportunidade para unha aprendizaxe compartida, comunitaria, experimental, orgullosa do seu. Nun espazo de auténtica innovación que nada ten que envexar ás experiencias de referencia dos grandes pedagogos que se estudan –é un dicir– nas facultades. Conversamos con Alicia López Pardo, mestra e amiga de Irimia, que soubo facer ese camiño.*


da nosa memoria pedagóxica: cunha pedagoxía daquela anovadora, aínda que xa practicada aquí nos comezos do século XX polos valentes mestres da república, aniquilados pola ditadura. Tratábase de retomar aqueles principios humanistas e científicos da Escola Moderna: equidade, dereitos humanos, investigación, acción consecuente coa realidade do alumnado, comprometida coa transformación social e política.

Afortunadamente hai un bo número de ensinantes empeñados na defen-

sa de valores e principios esenciais para un ensino público e de calidade, tamén cooperativas de nais-pais. Un movemento inspirado polo mestre e pedagogo Celestín Freinet é posible nos horizontes da pedagoxía popular que practica e defende o Movemento Cooperativo de Escola Popular (MCEP), en Galicia representado na liña de Nova Escola Galega.

**Hai mellor libro de texto para os pequenos que a propia comunidade humana, que o medio natural que os rodea, que o patrimonio material**

**É imprescindible a elaboración dun Mapa Escolar Galego que acade todos os niveis educativos, dende a etapa cero-tres ata adultos**



Nenos e nenas da escola de Vixoi esfollando

**e inmaterial do que áinda non son conscientes? Que recursos concretos usaches, por exemplo, en Vixoi?**

Ningún libro de texto pode ofrecer as posibilidades dun xeito vivo de descubrimento. Os coñecementos adquiridos a partir da experiencia directa saen dunha estimulación sensorial e dunha emoción que non pode transmitir un libro.

Na escola de Vixoi apliquei eses principios. Unha escola ao redor dos recursos inmediatos e doutros de lonxe que sexan significativos, tanto os que nos brindan as persoas dun xeito individual e comunitario, a cultura tradicional, a sabedoría popular, a historia, coma aqueles que nos ofrece a natureza, que espertan a curiosidade e o interese científico.

O primeiro día en Vixoi coñecín a mellor enciclopedia vital, cando a bisavoa Rosario, con xenerosa amabilidade, nos ofrece a súa colaboración. Ela foi a gran fonte de información para descubrirmos tanta vida que rodea a escola. O éxito das achegas desta nosa “mestra de horta” e doutros saberes, dos que as profesionais normalmente carecemos, levounos a ampliar a nosa rede: avoas, avós, nais, pais, outros familiares, veciñas, veciños formaron parte do noso traballo cooperativo, nunha micro comunidade de aprendizaxes. Foi, no caso de Vixoi, unha especial coincidencia o feito de que a casa máis próxima á de Rosario e moi perto da escola é a do ilustre persoero Xohán Vicente Viqueira. A investigación da nosa historia tivo un magnífico comezo.

Demóstrase o que pode dar de si unha experienciade colaboración coas familias e a veciñanza. Unha actividade tan sinxela dinamiza as crianzas e a comunidade enteira. Non hai fichas comparables, nin libros de texto, nin pantallas dixitais. Eses recursos non teñen a capacidade de activar tantos coñecementos espontáneos, habili-



avoas, avós, nais, pais, veciñas, veciños... nunha micro comunidade de aprendizaxes

dades e competencias. Actividades sinxelas: visitar as casas das veciñas, esfollar millo, vendimar, percorridos para observar un ser vivo, apañar castañas... A cantidade de materiais que nos achegan (sexan, carozos, castañas, follas, ourizos, pedras, plantas...) son os recursos más atractivos para traballar as materias e proxectos edu-

dotechnia innovadora pero que carecen das mínimas referencias sobre antigas experiencias rigorosas e ben fundamentadas. É unha “innovacioncite” que acapara as enerxías de cara á pantalla e mingua a acción fundamental.

Nun sistema sometido á rendibilidade económica increméntase a inteli-

## **Ningún libro de texto pode ofrecer as posibilidades dun xeito vivo de descubrimento**

cativos. A esta bagaxe súmaselle a excelencia de pór en valor o mundo rural, o que é prioritario para a súa autoestima.

**Que pensas dos cambios disque innovadores que se están a imponer por lei ou pola forza dos feitos na nosa escola? Estamos apampados polo tecnolóxico?**

Estamos afeitos ao divorcio entre os marcos teóricos das leis e a súa implantación. Cómpre cuestionar o que se está entendendo por innovación: proxectos presentados con merca-

xencia servil e dirixida aos intereses dominantes. O empeño é destacar profesionalmente e un oportunismo sofisticado vaise instalando nos plans educativos. Xustificanse cambios sostidos en decisións políticas doutra natureza.

Actualizar as tecnoloxías é básico para ir cos tempos, pero non podemos confundir isto coa innovación educativa no senso pedagóxico. Por riba das aplicacións das TIC o que sempre hai que cuestionar é a intención educativa que se agocha en determinados xeitos de implantalas.

# Entrevista Conversa coa mestra Alicia López Pardo



Non hai fichas comparables, nin libros de texto, nin pantallas dixitais

Idénticos trebelloos tecnolóxicos poden desenvolver unha persoa autónoma ou dependente. Vese cada vez máis agudeza tecnolóxica, a expensas de minguar aspectos esenciais do desenvolvemento profundo, tanto individual coma comunitario. Canto máis evolucionan as novas tecnoloxías máis agudo ten que ser o ollo crítico e maior ten que ser a esixencia dun emprego honesto e racional. Neste senso movémonos por un camiño de risco. Van en incremento as aulas que adoitan a virtualidade a costa da vivencia directa.

**Outro problema real é o pánico a sacar os nenos e nenas das escolas, a que experimenten a vida, en nome da seguridade ou doutras cousas. Como vencer esa resistencia?**

Ese é un gran retroceso reforzado pola inseguridade, a incompetencia e a comodidade: reticencias cheas de argumentos reaccionarios que pretenden xustificar unha escola desvencellada da vida, alienada polas sofisticadas ofertas editoriais. Tampouco se precisan elevados orzamentos. É cuestión dunha boa planificación e de grupos flexibles e dinámicos mais que doutro tipo de medios. Ás veces precisaríase incrementar profesorado de

apoio para facer saídas. Pero non se vencerán as resistencias sen unha reforma dos responsables da Administración Educativa e do profesorado. Tamén conta, claro, a concienciación das familias.

**Estamos a tempo de salvar un modelo propio e innovador de escola galega? Que propoñerías se desen as condicións políticas para un cambio?**

## Cópre cuestionar o que se está entendendo por innovación

Temos potencial de persoas e experiencias que foron e seguen a ser pioneiras mesmo a nivel internacional. Por citar algo ben coñecido, velaí quero lembrar como o noso histórico legado foi vítima de plans descabezados. Un caso sangrante: a desaparición do programa Preescolar na Casa, unha referencia mundial. Pero daquela desgraza rexorde unha valente iniciativa tal é a da Asociación Educativa Antonio Gandoy que con exemplar esforzo empéñase nun novo intento, facendo por recuperar o espírito do programa.

Certamente, con outra vontade política centrada no desenvolvemen-

to global do país galego, estariamos a tempo de frear a última etapa da desfeita do rural, cunha simbiose rural-urbana. Sempre que partira dun plan de educación propio para o ámbito rural, na liña que defendemos dende hai máis de catro décadas nos Movementos Galegos de Renovación Pedagólica e na Mesa Galega de Educación no Rural. Un plan debatido e concibido dende un novo tecido sociopolítico: partiría dende a Consellería de Educación, coa implicación da Universidade, do Parlamento Galego, de sectores representativos (Movementos de Renovación Pedagólica, ANPAS e colectivos que dan voz á ciudadanía). Levamos anos reclamando a creación dunha Comisión de Estudo e Investigación, dentro do Parlamento Galego, de cara á procura de alternativas para ese un plan para o rural. Na mesma liña serían de gran valía a creación dun grupo interuniversitario e dun observatorio de educación. O primeiro que terían que cambiar serían os criterios economicistas e seren substituídos por outros: pedagógicos, sociais,

humanistas, de crecemento integral. Eliminar as planificacións que esixen o sacrificio das criaturas ao desprazalas de seu contorno próximo. Acabar con tantas medidas irracionais que se están imponendo dende a etapa infantil. É imprescindible a elaboración dun Mapa Escolar Galego que acade todos os niveis educativos, dende a etapa cero-tres ata adultos, e todo iso artellado dende a definición de Zonas Educativas en base a unha planificación das necesidades e dos recursos. Incorporar contidos vencellados á propia cultura, aos recursos produtivos, á paisaxe natural, e que dignifiquen a lingua.